

MENÚ ESPECIAL PARA PDI E ALUMNADO DOCTORAMENTO

SEMINARIOS PRÁCTICOS. Presenciais. A compartir en pequenos grupos e a degustar durante todo o ano.

- **Seminario 1: Recuperación de información en Ciencias da educación: a procura bibliográfica.** Utilización e interrogación dos recursos de información científicos da súa área do coñecemento.
- **Seminario 2: Avaliación da produción científica.** Programas de acreditación para docentes e indicadores bibliométricos. Criterios das axencias de acreditación e fontes para localizar índices de gradación e indicios de calidade.
- **Seminario 3: Xestión da información.** Creación de alertas de información e xestión de referencias bibliográficas (Refworks, Endnote, Mendeley).
- **Seminario 4: Implementar a visibilidade das publicacións.** Perfil dixital en distintas plataformas, Opcións de publicación en aberto, e como seleccionar a revista na que publicar un artigo.
- **Seminario 5: Comunicación da información.** Análise da lexislación vixente para coñecer cales son os límites na difusión da información. Licencias Creative Commons.

3 ou 4 horas cada un



SOBREMESAS

Para larpeiras e larpeiros tamén temos complemento, Doces ben elaborados, para degustar individualmente ou en grupo.

- **Crear un perfil nunha rede social profesional ou académica:** LinkedIn, ResearchGate, Academia.
- **Realizar posters, infografías, presentacións...**
- **Selección de Imaxes copyleft** para utilizar en traballos académicos e científicos..
- **Edición de imaxes** con programas libres
- **Traballar na nube**
- **Crear videotutoriais con ferramentas gratuitas**

60 minutos
Reserva mesa

CAFÉ OU TÉ?

Tes 15 minutos? Convidámoste a un café ou un té na Biblioteca e aprendémoste no uso de distintas ferramentas:

- **Refworks, versión nova.**
- **Evitar o plaxio**
- **Dialnet**
- **ERIC / Psycinfo**
- **Da Referencia ao texto completo**

15 minutos



FORMACIÓNS Á
CARTA PARA
ALUMNADO, PDI E PAS

WELLNESS SPA

menús individuais e de grupo
dende 15 minutos

Tes fame de información? Queres acadar os mellores resultados nos teus traballos académicos ou científicos? Onde comezar? Na Biblioteca temos a mellor oferta, coas mellores chefs. "slow food" ou "fast food", ti decides, pero sempre con especialistas.

PETISCOS

Nova ou novo na Facultade?, Non coñeces a Biblioteca?, Non probaches ningunha das nosas especialidades?. Comeza cun petisco, son imprescindibles, non engordan e deixarán que te movas con liberdade entre traballos de clase e exames.

Algúns dos máis afamados:

- Xoga con nós: descubre a Biblioteca
- Procura no catálogo

30 min

calquera día de 12 a 13 h ou de 19 a 20 h

calquera día de 12 a 13 h ou de 19 a 20 h

PRATOS ÚNICOS

Se non tes moita fame ou prefires ir dixerindo aos poucos, temos unha selección de pratos únicos para ir probando cada día. Pódelos degustar en grupo ou en soedade:

1. [Procuras bibliográficas en bases de datos internacionais](#)
2. [O acceso aberto](#)
3. [Xestores bibliográficos. Refworks](#)
4. [Publicar con impacto](#)
5. [Evita o plaxio](#)
6. [Fontes para avaliación da produción científica](#)
7. [Perfis dixitais: Orcid, ResearcherId, GoogleID](#)
8. [Depositar no RUC](#)

60-90 minutos

Reserva mesa

MENÚS DE GRUPO

Tamén podes elixir un menú completo para compartir con colegas. Sairás cunha chea de ferramentas útis para renovar os teus coñecementos e obter boa nota de calquera proba académica.

MENÚ 1: Competencias informacionais para alumnado de Grao. Integrado en aula. 1 e 1/2 h

- Como realizar unha procura bibliográfica en 3 pasos
- Dialnet
- Acceso ao texto completo do documento
- Uso ético da información

MENÚ 2: Competencias informacionais para alumnado de TFG, TFM. 3 h + Moodle

- Procuras bibliográficas avanzadas
- Bases de datos internacionais e recursos de acceso aberto
- Acceso ao texto completo do documento
- Xestores bibliográficos. Refworks
- Uso ético da información
- Ferramentas para a redacción dun traballo académico.

MENÚ 3: Competencias informacionais para alumnado de doutoramento. 4 h + Moodle

- Procuras bibliográficas avanzadas. Tesauros
- Fontes para procurar teses
- Bases de datos internacionais e recursos de acceso aberto.
- Acceso ao texto completo do documento
- Xestores bibliográficos. Refworks
- Uso ético da información
- Onde publicar con impacto
- Ferramentas para a redacción dun traballo académico.

MENÚS ESPECIAL ECTS

Tes tempo, fame e desexo de acadar os mellores resultados nos teus traballos? Sen dúbida este é o teu menú, inclúe todos os ingredientes da nosa horta. Precisarás varios días para dixerilo, pero algúns pratos os poderás levar para casa. Se o consegues terás premio, 1 ECTS:

Curso semipresencial de Competencias informacionais. Estos son só algúns dos pratos que inclúe:

- A Biblioteca e os seus servizos
- 2. Análise e definición das necesidades de información e selección das fontes: primarias e secundarias, nacionais e internacionais, o acceso aberto.
- Interacción co sistema de busca. Procura bibliográfica avanzada. Tesouro.
- Acceso ao texto completo do documento
- Alertas informativas.
- Xestores bibliográficos: Refworks, Endnote, Mendeley
- Uso ético da información
- Ferramentas para traballar, compartir e comunicar a información.
- Onde publicar con impacto

Tempo total 20 h

Reserva mesa canto antes